

Acordanzas

Eduardo Malta

(Covilhã, Portugal 28 de outubro de 1900 - Óbidos, Portugal 31 de maio de 1967)

125 anos do seu nacemento



Eduardo Nuno Alão de Albuquerque Malta, pintor portugués formado na Escola de Belas Artes de Porto, foi un afamado retratista da alta sociedade e a realeza, fundamentalmente de Portugal, pero tamén doutros países de Europa, entre eles España. En Madrid pasou varias tempadas e expuxo as súas obras en varias ocasións. En 1928 retratou ao Xeral Primo de Rivera dacabalo, un óleo sobre lenzo de 295 x 310 cm.

En 1936 viaxou a Brasil e retratou ao entón presidente Getulio Vargas así como a integrantes do goberno e personalidades da sociedade brasileira. Foi membro da Academia Nacional de Belas Artes de Portugal e correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid. Recibiu prestixiosos premios e condecoracións, entre elas a medalla das Belas Artes de Portugal. Desde 1959 ata a súa morte en 1967 dirixiu o Museo Nacional de Arte Contemporánea de Lisboa.

Malta desenvolveu interesantes facetas como ilustrador, escultor, escenógrafo e escritor. Ademais era experto en porcelanas e antigüidades. Como ilustrador, destaca a súa colaboración co escritor Augusto de Santa Rita ("Pápim") no suplemento infantil *Pim-Pam-Pum!* para o xornal *O Século*, do que foi director artístico de 1925 a 1930.

Ademais dos retratos, na súa produción abundan os cadros etnográficos de homes e mulleres da vila costeira de Nazaré, na zona centro de Portugal, a quen representa cos característicos traxes tradicionais e en escenas vinculadas a tarefas de pesca.

Como retratista, Eduardo Malta segue aos pintores portugueses Nuno Gonçalves e Cristovao de Figueiredo e evidencia influencias estéticas do modernismo. O seu estilo é inconfundible. Son retratos elegantes, sobrios de cor, pouco contrastados, e as figuras adoitan ter detrás un fondo neutro. Retrata sempre a partir do natural, do pousado dos modelos, evita facelo a partir de fotografías.

No Museo Provincial pode contemplarse un cadro de Eduardo Malta, depositado polo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía por Orde ministerial do 8 de maio de 2012. Trátase do **Retrato de Maria Lurdes Alao de Albuquerque**, a esposa do pintor. Un lenzo de 120 x 80 cm pintado ao óleo en 1929 que mostra as características esenciais da pintura deste autor. Austeridade cromática e entoación fría, ausencia de xoias e aderezos, unicamente a alianza na man esquerda, preocupación por representar con sinxeleza a calidade dos tecidos, trazos do rostro ben definidos... Un retrato que mostra a imaxe dunha muller nova, serena, estilizada, refinada e moderna.

A obra está asinada e datada en Madrid e no ángulo superior dereito aparece pintado o escudo heráldico correspondente á ascendencia do personaxe, algo que adoitaba ser habitual nos retratos deste pintor.

